



O meu caderno sobre o monte veciñal

Nome: _____



Caderno de actividades escolares para 3º ciclo de Educación Primaria do proxecto educativo “Escola aberta e con fume”

Texto e imaxes: Lucía R. Cao (Fundación Montescola)

Corrección e revisión: Iolanda Mato e Joám Evans (Fundación Montescola)

Depósito legal: D.L. C 23-2025

Primeira edición: Xaneiro de 2025

Edita: Fundación Montescola

Imprime: Gráficas Anduriña SCG

Esta publicación de uso escolar é o resultado do proxecto Laboratorio Ecosocial do Barbanza, que conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR) financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.




Ola!

Eu chámome Rebolo, e vouvos acompañar neste caderno para repasarmos e aprendermos moitas cousas relacionadas cos montes da Galiza. Mais antes de nada, gustárame saber como vos foi na xornada que pasastes no monte.

Para axudarnos a mellorar estas visitas, para nós é moi importante coñecer a vosa opinión.

Agradeceremos moito se recortades ✂ a última páxina deste caderno e nos dicides nela todo o que queirades. Non é preciso que poñades o voso nome.



E agora, para partir do máis importante, convidovos a crear un mural sobre:

O que o monte nos fai sentir



O mural será unha creación de todo o grupo, no que cada unha e cada un de vós poderá expresar todo o que o monte lle fai sentir.



Podedes pintar directamente nel, colar láminas ou recortes que fagades á parte, enfeitar cos elementos que vós queirades...



... plasmar palabras que asociades co monte, expresar os vosos sentimentos coa escrita ou con debuxos, describir sons, olores, texturas, percepcións visuais, cores...



Será fantástico se partillades fotos do voso mural coa comunidade!

Continuamos...

Lembrades o que é unha **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común**?



NON VOS
PREOCUPEDES!

Cun nome tan looooongo, até eu me marearía. De feito, é tan longo, que para escribilo adoitamos recorrer ás súas iniciais. Como o escribiríamos entón de forma abreviada? _ _ _ _ _.

Para lembrar
o que é,
podemos
centrarnos en
dúas das súas
palabras.



Como definirías cada unha delas? Se for preciso, empregade un dicionario, mais estou certo de que só tedes que facer un pequeniño esforzo para tentar explicar os seus significados ao voso xeito.

Monte: _____

Veciñal: _____


... e a partir desas dúas palabras, imos turrando das ideas e do que lembramos.



Continuamos!



Observade o que di cada crianza, riscade as afirmacións que vos parecen erradas e rodeade as que pensades que son certas:




Comentade en grupo as vosas conclusións sobre o que vos parece que é certo, aclarando as dúbidas e corrixindo as posíbeis ideas erradas.



Agora que xa temos unha idea máis clara do que son as CMVMC, como llo explicarías brevemente a alguén que non sabe o que son?

Este tipo de montes, xestionados pola súa veciñanza, son propios de territorios do noroeste da península Ibérica (sobre todo da Galiza e norte de Portugal), como podedes observar no mapa.




Sabedes como se chaman estes territorios veciñais en Portugal? Riscade o que non é certo: boleas / terróns / baldíos



E eu pregunto: por que estes montes veciñais son propios destas zonas?

Non tendes que responder aínda; a resposta é moi complexa.

Mais se vos dixese que nunha das seguintes ciencias atoparíamos a resposta, en cal procuraríades? Rodeade o libro certo.



Entón, cal é a ciencia que estuda o que pasou tempo atrás axudándonos a entender por que as cousas son hoxe da maneira que son?

_____.

POIS BEN, TEREMOS QUE DAR UN OLLO NO PASADO ENTÓN, NON VOS PARECE?



HISTORIA DOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN



AS TERRAS SON DAS
COMUNIDADES QUE
VIVIMOS NELAS.

A orixe dos montes veciñais remóntase a moitos milleiros de anos atrás, pois xa na **Prehistoria** os grupos humanos, que se organizaban en comunidades,

utilizaban e aproveitaban de maneira colectiva as terras nas que habitaban.

Así, as terras non pertencían a persoas individuais, senón que eran xestionadas pola comunidade do lugar de forma cooperativa. Eran, polo tanto, terras comunitarias da veciñanza, como hoxe aínda son os montes veciñais.

No territorio galaico isto seguiu sendo así até antes da chegada dos romanos. Naquel momento había uns 4 mil **castros**: asentamentos con zonas de vivenda fortificadas e cun territorio por volta suficiente para satisfacer as necesidades da súa comunidade. Cada **comunidade** era **independente** (ninguén mandaba sobre elas), e as persoas que a formaban colaboraban, decidían xuntas, xestionaban o seu territorio e recursos e resolvían os conflitos dentro do grupo. Ademais, eran **autosuficientes**, é dicir, conseguían e producían todo o que precisaban para vivir.



TODO ISTO É
MEU, PORQUE O
DIGO EU!

Os **romanos** serían os primeiros en poñer en perigo estas propiedades colectivas no territorio galaico. Chegaron coas súas forzas militares para **controlar e explotar os seus recursos e as xentes**, impondo a **propiedade privada individual** nos territorios que lles quitaban ás comunidades, e provocando grandes mudanzas políticas, sociais e económicas. Mais, mesmo así, non foron quen de eliminar por completo as estruturas sociais galaicas, de maneira que a **xestión comunitaria conseguiu sobrevivir.**

Cando o Imperio romano esmorecía, chegaron ao territorio galaico os **suevos**, un pobo xermánico procedente do centro de Europa (a actual Alemaña). Os suevos axiña se adaptaron aos modos de organización comunitarios locais porque eran moi similares aos seus. Crearon multitude de **aldeas**, espalladas por toda a xeografía, que xunto aos anteriores asentamentos galaicos se organizaron no que se chamaron **repúblicas de xente libre**, gobernadas por **assembleas veciñais**.

NÓS GOVERNAMOS E NÓS XESTIONAMOS AS TERRAS NAS QUE NÓS HABITAMOS.



AGORA TODAS ESTAS TERRAS SON NOSAS! SE AS QUEREDES SEGUIR UTILIZANDO, VAI SER PAGANDO, PAGANDO E PAGANDO.

Máis tarde, a nobreza e a Igrexa apoderáronse das terras veciñais impoñendo o **sistema feudal**, que obrigaba as persoas labregas a **pagar** a estes “señores” (nobres e eclesiásticos) polo uso das terras que antes eran da comunidade.



A partir dos inicios do século XIX, o **Estado** pretendeu acabar co que quedaba do sistema comunitario, usurpando e **privatizando**, mediante as chamadas desamortizacións, enormes extensións de terras que orixinariamente eran veciñais.

MOITAS DESTAS TERRAS PASAN A SER DO ESTADO E VENDERÉMOLAS MOI, MOI CARAS. A XENTE LABREGA NON AS PODERÁ MERCAR E SÓ OS RICOS E PODEROSOS AS POSUIRÁN.



AQUÍ VIMOS A PAGAR, PARA QUE O MONTE VOLVA SER VECIÑAL.

No inicio do século XX, a veciñanza recorreu á **redención foral** para recuperar as súas terras. Isto consistía en que as labregas e labregos facían un pagamento único aos señores, pasando a ser donas das terras en lugar de ter que pagar cada ano o foro para poder utilizalas.

FÓRA DE AQUÍ, XENTE LABREGA! O MONTE É DO ESTADO E CON PIÑEIRO VAI SER PLANTADO. FÓRA TAMÉN O VOSO GANDO, SE NON QUEREDES SER CASTIGADOS.



Durante a ditadura franquista, o Estado apropiouse dos montes veciñais e procurou expulsar definitivamente a veciñanza do monte para facer plantacións masivas, sobre todo de piñeiros. Isto supuxo a destrución do sistema agrosilvopastoril milenario das comunidades rurais, que era a base da súa subsistencia, pois o monte: provía de pastos para o gando, fertilizante para a agricultura, madeira, auga, pedra... Esta situación supuxo non só unha grave crise da sociedade rural, senón tamén o inicio da deterioración ambiental que se ía agravando até a actualidade.



O MONTE É NOSO, DA VECIÑANZA QUE NEL HABITA.
A LOITA NON REMATARÁ MENTRES AS TERRAS NON VOLVAN ÁS SÚAS MANS.

A pesar da represión franquista, a xente do rural loitou sempre polos seus montes, até que a ditadura acabou por verse forzada a recoñcelos. Comezou así un complexo proceso de recuperación dos montes veciñais en man común, que continúa na actualidade.

Aínda que foron recuperando a propiedade, as comunidades recibiron moitas veces montes totalmente degradados pola explotación forestal imposta, que nada tiña que ver cos usos milenarios que contribuían para un equilibrio ecolóxico. Recuperar este equilibrio continúa a ser un dos maiores desafíos para as comunidades veciñais.




VAITES! POIS SI QUE TEÑEN UNHA LONGA HISTORIA OS MONTES VECIÑAIS!



Como vistes, cada momento da historia recóllese nun recadro diferente. Repartide os recadros en grupos para crear un pequeno diálogo de cada un deles entre personaxes inventados que viviran nesas épocas. Despois ensaiade a representación deses diálogos para que ao final, por orde cronolóxica, poidades representar a historia dos MVMC como unha peza de teatro.


Volvemos ao mapa!

 Sinalade o lugar aproximado onde vos atopades neste momento. Non é doado, así que podedes consultar algún outro mapa no que aparezan os nomes dos distintos lugares. Tentade localizar tamén a comunidade de montes que visitastes.



 Tendes moitos montes veciñais preto? _____

 Imos imaxinar agora a superficie da Galiza como se fose un cadrado:



- Coa axuda dun escuadro e un cartabón dividide este cadrado, que representa a superficie da Galiza, en 3 anacos iguais horizontais.
- Pintade dous deses anacos.
- Que fracción do cadrado representa o anaco que pintastes? _____

Hai máis de dous séculos, os montes veciñais ocupaban esa parte do territorio da Galiza.

- Agora dividide o cadrado en 4 anacos iguais horizontais.
- Pintade un deses anacos.
- Que fracción do cadrado representa o anaco que pintastes? _____

Esa é a fracción do territorio galego que ocupan **hoxe** os MVMC.

 Que foi o que pasou nos últimos séculos cos territorios dos montes veciñais?

Lembramos a historia?

QUEDAMOS ENTÓN EN QUE OS MONTES VECIÑAIS NA GALIZA OCUPAN HOXE UN CUARTO DO TERRITORIO.



Imos tentar expresar esa fracción en medidas de superficie. Polo tanto, que empregaremos? Rodeade a opción correcta:

m

metro

1 dimensión

m^2

metro cadrado

2 dimensións

Lembramos: A SUPERFICIE é o que ocupa algo en dúas dimensións: longo e ancho.



Procurade agora para cada múltiplo e submúltiplo do metro cadrado (m^2), un exemplo do que poderíamos medir con el:

km^2	hm^2	dam^2	m^2	dm^2	cm^2	mm^2
			Superficie da aula			




Cal ou cales desas medidas empregariades para medir terreos como os dos montes?

A medida máis empregada para medir espazos abertos é o hectómetro cadrado (hm^2), que tamén se chama **hectárea**

 Polo tanto, unha hectárea (= hm²) é a superficie que ocupa un cadrado que ten...
cantos metros de lado?

_____ metros de lado.

Área do cadrado = lado x lado



$$A = 3 \text{ cm} \times 3 \text{ cm} = 9 \text{ cm}^2$$

LEMBRADES
COMO SE
CALCULA A
ÁREA DO
CADRADO?

EU SI! HAI QUE
MULTIPLICAR
LADO POR LADO
E XA ESTÁ.



Completade os cálculos para saber os metros cadrados que ten 1 hectárea:

$$A = \ell \times \ell = ______ \times ______ = ______ \text{ m}^2$$

Na Galiza, os montes veciñais ocupan actualmente unha superficie aproximada de:

700 000 hectáreas.


Os baldíos de Portugal ocupan case:

500 000 hectáreas.

Polo tanto, a día de hoxe, entre a Galiza e Portugal hai por volta de:

..... **hectáreas**

de territorios xestionados polas veciñas e veciños que neles habitan.



ISO É UN
MONTE DE
HECTÁREAS,
NON É ?



mos continuar con máis medidas...



Facede unha descrición obxectiva, é dicir, explicade simplemente o que vedes.

Aquí vai unha pista do que é:



Para que serven estes recipientes?

Indicade varias cousas que poderíades medir con eles:


Son, polo tanto, recipientes para medir o que? Sinalade a opción certa:


☐ Lonxitudes: 1 dimensión 

☐ Superficies: 2 dimensións



☐ Volumes: 3 dimensións





A resposta é que un **ferrado de superficie** era a **cantidade de terreo que se podía sementar cun ferrado de gran**. Como iso dependía da produtividade da terra, que é diferente en cada zona, os metros cadrados aos que equivale o ferrado varían moito duns lugares a outros: o seu valor aproximado está entre 400 e 700 metros cadrados.

The diagram illustrates the 'ferrado' measurement process. It shows a brown rectangular box (the 'ferrado') at the top. A red arrow points down from the box to a hand, which is shown pouring a small amount of yellow granules (seed) onto a patch of dark brown soil. Another red arrow points from the hand to a larger, rectangular area of tilled soil, representing the surface area that can be sown with the contents of the box.



Toca investigar! A cantos metros cadrados equivale o ferrado na zona na que vós vivides? Que outras medidas de superficie tradicionais tendes?

ÁBORES AUTÓCTONAS DA GALIZA



SER OU NON SER, ESA É A CUESTIÓN!

As árbores autóctonas son orixinarias do lugar no que se atopan, no que foron evolucionando ao longo de milleiros de anos adaptándose ao propio hábitat e en equilibrio co resto de seres vivos que tamén foron evolucionando nese lugar. Desta maneira, teñen unha importancia vital dentro dos ecosistemas. Algunha das súas funcións son:

- 😊 Como todas as plantas, captan dióxido de carbono e producen osíxeno.
- 😊 Fixan o solo, protexéndoo da erosión causada polas choivas ou o vento, e axudan a que o terreo funcione como unha esponxa creando reservas de auga, que son fundamentais para a vida.
- 😊 Enriquecen os solos con materia orgánica.
- 😊 Regulan a temperatura dos bosques.
- 😊 Proporcionan alimento e fogar á fauna nativa.
- 😊 Debido á baixa combustión da súa madeira (non arde con facilidade) e á retención de humidade no terreo, axudan a frear os incendios.

Sabías que a vacaloura é o escaravello máis grande de Europa e que as súas larvas se alimentan de madeira en descomposición?



Lucanus cervus



Unide cada imaxe e cada afirmación coa árbore autóctona que corresponde. Se for necesario podedes consultar as fichas que atoparedes nas páxinas 19, 20 e 23. Estas son só un exemplo, tende en conta que existen moitas máis árbores autóctonas.



ABELEIRA

CASTIÑEIRO

CARBALLO

ACIVRO

Forman soutos

Froito: abelá

Os ourizos cobren o froito

Hai árbore macho e femia

Froito: landra

Follas e froitos son tóxicos para humanos

Xera bugallos para expulsar ovos de insectos

Froito: castaña

ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS



Rodeade as opcións que se corresponden coas cinco características básicas das especies exóticas invasoras.

Reprodúcense elas soas con facilidade.

Son as propias do territorio.

Protexen a biodiversidade da zona.

Son moi difíciles de reproducir.

Acadan grandes densidades.

Trouxéronas de fóra.

Espállanse polo territorio.

Causan efectos moi negativos.



Agora colocade cada unha delas coa imaxe que mellor a represente.
















Observade as fichas do eucalipto e das acacias que están nas páxinas 22 e 2, e a continuación indicade se cumpren con estas cinco características:

Cumpren os eucaliptos coas 5 características das especies invasoras? Responde **Si** ou **Non**.



Trouxéronos de fóra? _____



Reprodúcense eles sós? _____



Espállanse polo territorio? _____



Acadan grandes densidades? _____



Causan impactos moi negativos? _____



Cumpren as acacias coas 5 características das especies invasoras? Responde **Si** ou **Non**.



Trouxéronas de fóra? _____



Reprodúcense elas soas? _____



Espállanse polo territorio? _____



Acadan grandes densidades? _____



Causan impactos moi negativos? _____



S

abiades que hai unha gran cantidade de especies invasoras de flora, fauna, fungos e algas? Os eucaliptos e as acacias son apenas só 2 deses exemplos, mais son dous dos que máis preocupan na actualidade dada a magnitude do seu impacto.



O goberno autonómico e o estatal teñen cadanseu *Catálogo de especies invasoras* e non inclúen neles o eucalipto, aínda que esta árbore ten todas as características das especies invasoras e ademais está recollida no catálogo de especies invasoras de referencia internacional (o *Global Register of Introduced and Invasive Species*, GRIIS).



Reflexionade en grupo sobre os motivos polos cales o goberno autonómico e o estatal non consideran o eucalipto como especie invasora.

Unha axudiña? A normativa estatal prohibe posuír e plantar as especies que aparecen neses catálogos.



Depois de todo o que vimos sobre as árbores autóctonas e as especies invasoras, agora toca facer memoria e comparar as características dos bosques segundo as especies que os conforman:



BOSQUES AUTÓCTONOS




Características:


MATAS DE ACACIA OU EUCALIPTAIS



Características:



Reflexionamos en grupo. Que pasa se se substitúen bosques autóctonos por eucaliptais ou acacias?



PARABÉNS POR TODO O
TRABALLO QUE FIXESTES!
AGORA SABEDES UN
MONTE DE COUSAS SOBRE
OS MVMC.
AQUÍ VAI O DESAFÍO
FINAL...

Como poderíades
explicarlles a outros
grupos o que son
as Comunidades de
Montes Veciñais de
Man Común?

Estou certo de que daredes cunha grande idea que axudará a que as demais persoas coñezan o que son estes territorios e que así, cando algunha delas vaia vivir a un lugar onde haxa monte veciñal, poida botar unha man para asegurar o seu futuro.



FICHAS DE ÁRBORES



CARBALLO

Quercus robur



Árbore **autóctona** máis representativa da Galiza, de feito, a imaxe da súa folla lobulada converteuse nun símbolo de identidade galega presente en infinidade de logotipos. É **caducifolia**, pode vivir varios séculos e acadar até 40 metros de altura.

O seu froito é a **landra**.  A súa madeira é de moi boa calidade.

Forma bosques chamados **carballeiras**, ou **fragas** (cando coexiste con outras variedades de árbores autóctonas).

Estes bosques sufriron unha grave diminución nas últimas décadas por causa das plantacións masivas de monocultivos (sobre todo de piñeiro e eucalipto), e tamén pola proliferación incontrolada de acacia e outras especies invasoras.



No inverno, coa folla caída, a maneira máis fácil de distinguir esta árbore é polas **cocas** (tamén chamadas **bugallos**, **carrabouxos**, mazás de cuco...): unhas formacións esféricas que son unha resposta inmunolóxica do carballo ás postas de ovos de diferentes insectos; o carballo encasula os ovos con estas estruturas para expulsalos da súa cortiza.



Sabías que un uso tradicional destas cocas é facer con elas todo tipo de xogos ?

Son doadas de imaxinar múltiples posibilidades tendo en conta a súa forma, que son lixeiras, flotan, son fáciles de baleirar... Aquí deixámosvos como facer un asubío, mais apañade algunhas para experimentares a facer con elas todo o que a vosa imaxinación teña a ben.

Asubío cunha coca:

1. Facede un buraco á coca de aproximadamente 1 centímetro de diámetro.
2. Baleirade a coca por ese buraco usando un obxecto alongado, fino e ríxido, como un desaparafusador.
3. Para facela soar apoiade o labio inferior sobre unha beira do buraco e soprade cara a el dirixindo o aire co labio superior.





CASTIÑEIRO

Castanea sativa



O castiñeiro é unha árbore **autóctona** da Galiza, ao contrario da crenza popular de que foron os romanos quen a trouxeron. O que si fixeron os romanos foi introducir novas variedades desta árbore no territorio.

É **caducifolia**. Pode vivir varios séculos, e mesmo chegar a superar os mil anos, acadando até 30 metros de altura. A súa madeira é de moi boa calidade.

As súas follas teñen forma de lanza coa beira dentada. Os bosques nos que abundan os castiñeiros chámanse **soutos**.

Os seus froitos, as **castañas**, desenvólvense dentro dun casulo protexido por espiñas chamado **ourizo**, que se abre para deixalas saír cando están maduras.



A CASTAÑA NO OURIZO
EU BEN SEI O QUE FAI,
SE ESTÁ VERDE, AMADURA,
E DESPOIS DE MADURA, CAE.



Sabías que ?

- 😊 As castañas foron un alimento básico na dieta das galegas e galegos até a chegada dos cultivos americanos (millo e pataca), que na Galiza non se comezaron a cultivar masivamente até o século XIX.
- 😊 Temos un verbo específico para cando se apañan as castañas: **soutar**. E a festa na que nos xuntamos para asalas e comelas chámase **magosto**.
- 😊 Pódense consumir de moitas maneiras: crúas, cocidas, asadas, en guisos, no caldo, en compota, confeitadas, en todo tipo de masas empregando a súa fariña...



ACIVRO

Ilex aquilolium



Árbore **autóctona** de folla **perenne** e porte pequeno, entre 5 e 15 metros.

As follas son elípticas, con espiñas nas pólas baixas e sen espiñas nas altas.

Existen exemplares **femias** e **machos**. Os froitos son **bagas** esféricas vermellas que saen nos exemplares femia.

Tanto as follas como os froitos son tóxicas para o ser humano.



ABELEIRA

Corilus avellana



Pode ser unha árbore pequena ou un arbusto con diversas pólas desde a base. Acada entre os 3 e os 8 metros de altura. É de **folla caduca**.

As súas follas teñen forma arredondada rematada en punta e a beira serrada.




O seu froito é a abelá.



EUCALIPTO

Eucalyptus globulus



Árbore exótica invasora* procedente de Australia e Tasmania. Foi introducida por intereses económicos: para producir madeira e pasta de papel.

É unha árbore de **folla perenne** de crecemento rápido, e pode acadar máis de 60 metros de altura. As follas novas son de forma oval e as follas adultas son falciformes (con forma de fouza).



Reprodúcese moi facilmente a través de e rebrotes. A capacidade reprodutora increméntsementesase despois de cortas ou incendios.



En caso de **incendio**, o lume é **moi difícil de controlar** pola súa capacidade e rapidez de combustión.



Consome grandes cantidades de auga.



Dificulta a xerminación e crecemento de especies nativas e **empobrece os solos, diminuindo e afectando gravemente a biodiversidade dos ecosistemas.** Por todas estas negatividades, as matas de monocultivo desta especie considéranse “**desertos verdes**”.

Para a súa eliminación en zonas onde xa foi cortado procédese ao descascado da cachopa até o comezo da raíz, a fin de que non volva abrollar. Tamén se pode descascar primeiro a árbore, para cortala cando seque.

Nas seguintes ligazóns podedes ver uns breves vídeos sobre a técnica de descascado de eucalipto:

<https://www.youtube.com/watch?v=v4LbfCMH38E&t=9s>

<https://www.youtube.com/watch?v=rsn8lOOVj8A>

Sabías que hai un movemento na Galiza chamado **Brigadas Deseucaliptizadoras** que loita contra as especies invasoras para recuperar o bosque autóctono?

É un proxecto da asociación Verdegaiia que naceu no 2018 e que xa agrupa a máis de 1500 persoas voluntarias que se botan aos montes alí onde solicitan a súa axuda para liberar os terreos de especies invasoras e plantalos con frondosas.



* Mesmo que cumpre con todas as características das especies invasoras e que aparece recollida no *Global Register of Introduced and Invasive Species* (GRIIS), non aparece recollida nin no *Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia* nin no *Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras*.



MIMOSA

Acacia dealbata



É unha especie **invasora** orixinaria de Australia e Tasmania, que foi introducida como ornamental.

É unha árbore de **folla perenne** de **crecemento rápido**.

As follas son compostas con folíolos moi finos. As flores forman esferas dun amarelo intenso e agrúpanse en acios, que xunto co seu aroma resultan moi características.



ACACIA NEGRA

Acacia melanoxylon

É unha especie **invasora** orixinaria de Australia e Tasmania, que foi introducida como ornamental e tamén con fins madeireiros.

É unha árbore de **folla perenne** de **crecemento rápido**. Ten dous tipos de follas: compostas nos exemplares novos e lanceoladas nos exemplares adultos.



As acacias, tanto as **mimosas** como as **acacias negras**:

- ☹️ **Propáganse con extrema facilidade** a través dos seus rizomas soterrados e polas sementes, que poden agardar latentes até 70 anos na terra.
- ☹️ **Despois dunha corta ou dun lume rebrotan aínda con máis forza.**
- ☹️ **Forman poboacións densas** que avanza **desprazando especies nativas** ao tempo que **empobrecen os solos, diminuíndo e afectando gravemente a biodiversidade** dos ecosistemas.


A eliminación é moi difícil e custosa: cando son pequenas e naceron de semente, pódense arrincar; cando son adultas, recoméndase descascalas desde aproximadamente un metro até a raíz para que a planta morra. O control do terreo levará décadas debido á persistencia das sementes no solo.

Na seguinte ligazón podes ver un breve vídeo da técnica de descascado da acacia:


<https://www.youtube.com/watch?v=k8SC4PnyYE4>



Acacias descascadas



Caderno de monte



Anota aquí todo o que consideres importante para ir ao monte:

O que necesitamos levar:



Consellos:

Normas:

Diario de monte




Data: _____

Lugar: _____

Tempo:       

Como foi a xornada?

Valoración da xornada:



Data: _____

Lugar: _____

Tempo:       

Como foi a xornada?

Valoración da xornada:






Data: _____

Lugar: _____

Tempo:       

Como foi a xornada?

Valoración da xornada:



Data: _____

Lugar: _____

Tempo:       

Como foi a xornada?

Valoración da xornada:






Data: _____

Lugar: _____

Tempo:       

Como foi a xornada?

Valoración da xornada:




Data: _____

Lugar: _____

Tempo:       

Como foi a xornada?

Valoración da xornada:



FICHA DE PLANTA

Data: _____ Lugar: _____

Nome da planta: _____

Tipo: ☐ herbácea ☐ arbusto ☐ árvore

Valor para a biodiversidade:



Apontamentos sobre a planta:

Debuxa, traza contornas, calca cortizas, cola mostras...

FICHA DE PLANTA

Data: _____ Lugar: _____

Nome da planta: _____

Tipo: ☐ herbácea ☐ arbusto ☐ árvore

Valor para a biodiversidade:



Apontamentos sobre a planta:

Debuxa, traza contornas, calca cortizas, cola mostras...

FICHA DE PLANTA

Data: _____ Lugar: _____

Nome da planta: _____

Tipo: ☐ herbácea ☐ arbusto ☐ árvore

Valor para a biodiversidade:



Apontamentos sobre a planta:

Debuxa, traza contornas, calca cortizas, cola mostras...

FICHA DE PLANTA

Data: _____ Lugar: _____

Nome da planta: _____

Tipo: ☐ herbácea ☐ arbusto ☐ árvore

Valor para a biodiversidade:



Apontamentos sobre a planta:

Debuxa, traza contornas, calca cortizas, cola mostras...

FICHA DE PLANTA

Data: _____ Lugar: _____

Nome da planta: _____

Tipo: ☐ herbácea ☐ arbusto ☐ árvore

Valor para a biodiversidade:



Apontamentos sobre a planta:

Debuxa, traza contornas, calca cortizas, cola mostras...

FICHA DE ANIMAL

Data: _____ Lugar: _____

Nome do animal: _____

☐ Vertebrado. Tipo: _____

☐ Invertebrado. Tipo: _____

Valor para a biodiversidade:



Apontamentos sobre o animal:

Debuxa, traza pegadas...

FICHA DE ANIMAL

Data: _____ Lugar: _____

Nome do animal: _____

☐ Vertebrado. Tipo: _____

☐ Invertebrado. Tipo: _____

Valor para a biodiversidade:



Apontamentos sobre o animal:

Debuxa, traza pegadas...

FICHA DE ANIMAL

Data: _____ Lugar: _____

Nome do animal: _____

☐ Vertebrado. Tipo: _____


☐ Invertebrado. Tipo: _____

Valor para a biodiversidade:



Apuntamentos sobre o animal:

Debuxa, traza pegadas...



FICHA DE ANIMAL

Data: _____ Lugar: _____

Nome do animal: _____

☐ Vertebrado. Tipo: _____

☐ Invertebrado. Tipo: _____

Valor para a biodiversidade:



Apontamentos sobre o animal:

Debuxa, traza pegadas...

FICHA DE ANIMAL

Data: _____ Lugar: _____

Nome do animal: _____

☐ Vertebrado. Tipo: _____

☐ Invertebrado. Tipo: _____

Valor para a biodiversidade:



Apontamentos sobre o animal:

Debuxa, traza pegadas...

FICHA DE FUNGO

Data: _____ Lugar: _____

Nome _____

Tipo de fungo:

☐	cogomelo	☐	comestível
☐	lique (fungo + alga)	☐	venenoso 

Valor para a biodiversidade:



Apontamentos sobre o fungo:

Debuxos:



FICHA DE FUNGO

Data: _____ Lugar: _____

Nome _____

Tipo de fungo:

☐	cogomelo	☐	comestível
☐	lique (fungo + alga)	☐	venenoso 

Valor para a biodiversidade:



Apontamentos sobre o fungo:

Debuxos:

FICHA DE FUNGO

Data: _____ Lugar: _____

Nome _____

Tipo de fungo: ☐ cogomelo ☐ comestível
☐ lique (fungo + alga) ☐ venenoso



Valor para a biodiversidade:




Apontamentos sobre o fungo:

Debuxos:





Anota todo o que podemos fazer para cuidar do monte:



MOITAS GRAZAS POR TODO!
E... VÉMONOS NO MONTE!



Grupo: _____

Data da visita: _____



COMO CHE FOI NA VISITA AO MONTE?

Lembra que o importante é que nos digas o que che pareceu a visita realmente. Saber a túa opinión é fundamental para que a próxima vez poidamos tentar mellorar as actividades e a organización.



Rodea a opción que mellor explique o que opinas:



Moi mal



Mal



Máis ou menos



Ben



Moi ben

2. Que che pareceu o tempo que durou a visita?

Moi longo. Non aturaba máis	Algo longo. Prefería que durase menos	Ideal	Algo curto. Prefería que durase algo mais	Moi curto. Gustárame que durase moito mais
--------------------------------	--	-------	--	---

3. Pareceche que aprendiches algo durante a visita?

Non aprendín nada	Aprendín pouco	Aprendín bastante	Aprendín moito	Aprendín moitísimo
-------------------	----------------	-------------------	----------------	--------------------

4. Se aprendiches algo, pareceche importante o que aprendiches?

Nada importante	Algo importante	Bastante importante	Moi importante
-----------------	-----------------	---------------------	----------------



E, agora, responde brevemente:

5. Que foi o que máis che gustou da visita?

6. E que foi o que menos che gustou?

7. Se volvedes de visita ao monte, que che gustaría facer?

8. Calquera outra cousa que quixeses dicirnos, con palabras ou deseños, tes toda a parte de atrás desta folla.

MOITAS GRAZAS POLA TÚA AXUDA!
VÉMONOS NO MONTE!



Entidades que apoian o Laboratorio Ecosocial do Barbanza



Plan de Recuperación,
Transformación
e Resiliencia



Financiado pola
Unión Europea
NextGenerationEU

Entidades socias do proxecto Laboratorio Ecosocial do Barbanza



Este contido está baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-ND. Pódese compartir citando a fonte, pero non se permite o uso comercial nin a creación de obras derivadas.

